

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 25 DE MAIO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Mugaros (A Coruña).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Alfoz (Lugo).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Punxín (Ourense).
- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Punxín (Ourense).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Soutomaior (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración Xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Redefinición do itinerario peonil e ciclista na AC-552, treito Pastoriza – Vilarrodís, puntos quilométricos (pp.qq.) 5+130 - 6+110, no concello de Arteixo.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Mellora da PO-315, treito puntos quilométricos (pp.qq.) 10+100 ao 10+380 e na contorna do p.q. 13+500, no concello de Cangas (Pontevedra).
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Mellora da capacidade e seguridade da AC-862, treito: AG-64 - Ponte Mera, puntos quilométricos (pp.qq.) 37+240 - 40+500, nos concellos de Cedeira, Cerdido e Ortigueira (A Coruña).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa a Judith Fernández Novoa.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Formación Profesional a José Luis Mira Lema.
- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas derivadas da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se nomea directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego a Margarita Ardao Rodríguez.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do persoal do sistema público de saúde de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia, en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal de persoal sanitario, funcionario da escala de saúde pública e Administración sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

CONSELLERÍA DO MAR

- Decreto polo que se dispón que cese Mercedes Rodríguez Moreda como directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a Antonio Basanta Fernández.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual para superar a porcentaxe de pagamento anticipado establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o establecemento de pagamentos á conta e anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 62.2 do dito Decreto 11/2009, da convocatoria do programa do Igape de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, por un importe total de 2.371.901,72 €.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto plurianual e a concesión de anticipos de ata o 100% do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a concellos de Galicia para a adquisición de vehículos alternativos, mediante o sistema de *renting*, con destino aos corpos de policía local, financiadas polo Fondo de Compensación Ambiental, por un importe de seiscentos mil euros (600.000,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos para o proxecto de abastecemento de auga ao pico San Francisco no Monte de Santa Trega – A Garda, por importe total de douscentos corenta e nove mil novecentos oitenta e tres euros con setenta céntimos (249.983,70€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello dos Blancos, para a execución das obras de humanización de espazos públicos, por un importe de oitenta mil trescentos euros con vinte e tres céntimos (80.300,23€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Frades, para a execución das obras de humanización dos contornos de Papucín e Fonte Santaia, por un importe de cento cincuenta e seis mil cincocentos sesenta e sete euros con dezasete céntimos (156.567,17€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o concello de Bande, para a execución das obras de reforma da praza, zona do mercado e biblioteca, por un importe de cento vinte e tres mil cincocentos trinta e tres euros con setenta céntimos (123.533,70€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o proxecto do Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, ciclo 2021-2027, e a súa remisión ao Goberno do Estado, para os efectos da súa aprobación polo Consello de Ministros.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e Concello de Coristanco, para o financiamento de actuacións na estación de tratamento de auga potable no concello de Coristanco, por importe de setecentos sesenta e seis mil oitenta e catro euros con oitenta e un céntimos (766.084,81€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo do 63 Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como para eximir da obriga de constituír garantías establecidas no artigo 67 do decreto, Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvención as salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241, e se convocan para o ano 2022, por un importe total de oitocentos corenta e tres mil seiscentos noventa e sete con corenta e dous euros (843.697,42€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ACEESCA, Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dous euros (14.952,00€).
- Acordo polo que se autoriza sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines, AMENCER-ASPACE, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade en tres centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e AMICOS, Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de doce mil oitocentos dezaseis euros (12.816 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Autismo Ourense, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe máximo de catro mil douscentos setenta e dous euros (4.272 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos A Esperanza do Val Miñor, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de catorce mil novecentos cincuenta e dous euros (14.952 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de dous mil novecentos noventa euros con corenta céntimos (2.990,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación San Xerome Emiliani, para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de sete mil douscentos sesenta e dous euros con corenta céntimos (7.262,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de pais de discapacitados psíquicos de Bergantiños (ASPABER), para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral (SPACE) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

importe máximo de quince mil trescentos setenta e nove euros con vinte céntimos (15.379,20€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña (ASPANAES) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade en catrocentros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de cincuenta e sete mil trescentos setenta e dous euros con noventa e seis céntimos (57.372,96€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación en favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de oito mil cincocentos corenta e catro euros (8.544€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA) para posibilitar o uso do servizo de comedor de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe máximo de vinte e tres mil catrocentos noventa e seis euros (23.496,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de dezasete mil novecentos corenta e dous euros con corenta céntimos (17.942,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Hogar y Clínica San Rafael de Vigo para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado con discapacidade nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cinco mil cento vinte e seis euros con corenta céntimos (5.126,40€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e para eximir da constitución de garantías as entidades beneficiarias ao abeiro do establecido no artigo 67 do dito decreto na Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022, por un importe total dun millón cincocentos setenta mil euros (1.570.000€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para eximir da constitución de garantías e incrementar as porcentaxes máximas dos pagamentos anticipados das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro do proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social" e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022, por un importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000€).
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 50% derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais, ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e ás asociacións de pais e nais para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables e se convocan para o ano 2022 por un importe total de seis millóns seiscentos noventa e dous mil douscentos setenta e nove euros con setenta e nove céntimos (6.692.279,79 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a actividade da unidade de policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de protección de menores. Exercicio 2021.

CONSELLERÍA DE POLITICA SOCIAL

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a certificación de calidade nas residencias públicas de atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade de Galicia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción de castaña.
- Informe sobre as actuacións de loita contra o *Dryocosmus Kuriphilus* do castiñeiro no ano 2022. Solta de *Torymus Sinensis*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS DECRETOS QUE FIXAN A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA PRESIDENCIA, DAS VICEPRESIDENCIAS E DAS CONSELLERÍAS DA XUNTA DE GALICIA

- A Axencia Turismo de Galicia incorpórase ao organigrama da Presidencia, o mesmo que a Asesoría Xurídica, con rango de Secretaría Xeral, mentres que a Secretaría Xeral da Presidencia asume o Secretariado do Goberno e as Delegacións da Xunta no exterior quedan adscritas á Secretaría Xeral de Emigración
- A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación contará cun novo centro directivo, a Secretaría Xeral de Industria, en tanto que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asumirá a Secretaría Xeral para o Deporte
- O Goberno galego aprobou tamén a estrutura que afecta á Consellería de Facenda e Administración Pública, á Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, á Consellería de Promoción do Emprego, á Consellería de Política Social e Xuventude e á Consellería do Mar

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos polos que se fixa a estrutura orgánica superior da Presidencia, das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta da Galicia e que, no relativo á Presidencia, supón a incorporación da Axencia Turismo de Galicia ao seu organigrama, como tamén o fai a Asesoría Xurídica Xeral con rango de Secretaría Xeral. Ademais, a Secretaría Xeral da Presidencia asume o Secretariado do Goberno e o Servizo de tradución e apoio técnico-administrativo, co Diario Oficial de Galicia, e as Delegacións da Xunta no exterior quedan adscritas á Secretaría Xeral da Emigración.

Polo que respecta á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, contará cun novo centro directivo, a Secretaría Xeral de Industria, en tanto que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes asumirá a Secretaría Xeral para o Deporte, que ata agora formaba parte do organigrama da Presidencia.

A Consellería de Facenda e Administración Pública integra a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa pasará a chamarse Dirección Xeral de Simplificación Administrativa. Ademais, créase un novo centro directivo especializado na xestión e control do uso do financiamento europeo, a Dirección Xeral de Política de Cohesión e Fondos Europeos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades crea un novo centro directivo: a Dirección Xeral de Formación Profesional. O seu titular será José Luis Mira, ata agora, secretario xeral de Educación e FP. O resto das competencias da actual Secretaría Xeral de Educación e FP, organízanse na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que asumirá Judith Fernández Nóvoa.

Na Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade elévase a secretaria xeral a antiga Dirección Xeral de Traballo, Emprego Autónomo e Economía Social. Ademais, a Dirección Xeral de Formación e Colocación pasa a ser Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación. Por último, créase a nova Dirección Xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, con Margarita Ardao Rodríguez ao fronte.

A Consellería de Política Social e Xuventude centraliza todas as políticas vencelladas á discapacidade nun centro directivo, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, en tanto que as competencias en envellecemento serán asumidas pola Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

A Consellería do Medio Rural asume a Axencia Galega da Industria Forestal, e na Consellería do Mar, Mercedes Rodríguez Moreda deixa a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, cargo que asume o Antonio Basanta Fernández, anterior xefe de Gabinete da Consellería.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


A XUNTA APROBA NOVOS SÍMBOLOS HERÁLDICOS PARA OS CONCELLOS DE PUNXÍN, MUGARDOS, SOUTOMAIOR E ALFOZ

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe aos decretos polos que se aproban o escudo e a bandeira do concello de Punxín, o escudo de Mugardos e as bandeiras de Soutomaior e Alfoz
- O Goberno autonómico leva aprobados un total de 274 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia atendendo ás peticións dos concellos para adoptaren os seus símbolos segundo o decreto que os regula

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos polos que aproban o escudo e a bandeira do concello ourensán de Punxín, así como o escudo do municipio coruñés de Mugardos e as bandeiras dos de Soutomaior (Pontevedra) e Alfoz (Lugo), que xa recibiran informe favorable na reunión da Comisión de Heráldica do 29 de abril.

Este órgano consultivo da Xunta de Galicia, adscrito á consellería competente en materia de réxime local, é o encargado de emitir informes vinculantes de aprobación, modificación ou rehabilitación de escudos heráldicos e bandeiras das entidades locais galegas.

Segundo vén definido no decreto, no caso de Punxín o escudo é de ouro (amarelo) e sobre ondas de azur (azul), dúas cabezas de boi ao natural, surmontadas no centro do xefe dunha póla de vide coas súas follas e acio de sinople (verde). No timbre, a coroa real pechada. Na bandeira deste concello ourensán o pano é amarelo e, no centro, ao igual que no escudo, as dúas cabezas de boi ao natural, surmontadas da póla de vide, coas súas follas e acio de verde. Todo vai flanqueado de dúas franxas verticais (ondadas) de azul, unha á hasta e outra ao batente.





COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Consello da Xunta tamén aprobou o escudo do Concello de Mugardos, que é de azul, cunha estrela de ouro (amarelo) acompañada de dúas coroas abertas da mesma cor, dispostas unha en xefe e outra na punta. No timbre, coroa real pechada.



En canto ao municipio pontevedrés de Soutomaior, aprobouse hoxe a bandeira de azul, o castelo de branco, todo orlado dun xaquelado de dúas ordes de amarelo e vermello. Tamén quedou aprobada a bandeira do concello lugués de Alfoz, que é partida ao centro; na hasta, o xaquelado de amarelo e veros ondados de branco e azul, e no batente, de verde coa imaxe do castelo de Alfoz de branco, coas súas portas e xanelas ocas.



O Goberno galego leva aprobados un total de 274 escudos e bandeiras das entidades locais de Galicia no seo da Comisión Heráldica da Xunta, tras a petición dos respectivos concellos de adoptar, modificar ou rehabilitar os seus símbolos, en aplicación do Decreto 19/2010, do 11 de febreiro, que os regula.

Os municipios e as demais entidades locais de Galicia poden adoptar escudos heráldicos e bandeiras propios e privativos, modificar os xa existentes ou rehabilitar os que historicamente se empregasen, baseándose sempre en feitos históricos ou xeográficos característicos e peculiares do seu territorio e conforme as normativas de heráldica.

Ningunha entidade local de Galicia poderá utilizar escudo heráldico ou bandeira que non fosen aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo daqueles que foron

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

aprobados pola Administración do Estado con anterioridade á transferencia de competencias a favor da Comunidade Autónoma de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA UNHA OFERTA DE MÁIS DE 10.000 PRAZAS NO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO

- Do total de prazas, 8.701 faranse polo sistema de concurso de méritos e 1.635 a través dun concurso-oposición
- Con esta oferta, que se publicará antes do vindeiro 1 de xuño, dáse cumprimento aos prazos marcados na Lei 20/21
- A taxa de temporalidade situarase por debaixo do obxectivo do 8% fixado pola lexislación do Estado

O Consello da Xunta aprobou hoxe, mércores, os decretos de Oferta de Emprego Público (OEP) da Administración Pública para a oferta de máis de 10.000 prazas no proceso de estabilización de emprego establecido na Lei 20/21 do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A Lei distingue dous tipos de procesos: un de estabilización mediante o sistema de concurso de méritos no que se valorarán exclusivamente os méritos e outro a través do sistema de concurso-oposición que comporta a realización de exames.

Cómpre salientar que ás 10.022 iniciais, súmanse outras 314 prazas de estabilización ao incluír prazas do Consello Económico e Social, da AMTEGA e doutros entes instrumentaris e as alegacións presentadas polas Consellerías. Así, 8.701 seleccionaranse polo sistema de concurso de méritos e outras 1.635 a través dun concurso-oposición. O primeiro dos procesos empregárase para seleccionar todas as prazas que estivesen ocupadas de forma temporal e de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, mentres que o segundo será de aplicación ás prazas ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos os tres anos anteriores ao 31 de decembro do ano 2020

Nesta liña, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, aseverou que con esta oferta, que se publicará antes do vindeiro 1 de xuño, darase cumprimento ao establecido na Lei 20/21 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. "Con esta oferta a taxa de temporalidade situarase moi por debaixo da media estatal", abundou.

As correspondentes convocatorias deberán publicarse antes do 31 de decembro deste ano. Así mesmo, resérvase para seu acceso pola quenda de discapacidade o 7% do total das prazas que se inclúen na oferta. Coa incorporación de persoal fixo nestas prazas de estabilización, máis as prazas xa convocadas, a taxa de temporalidade situarase por debaixo do obxectivo do 8% fixado pola lexislación do Estado.

Administración Xeral

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que se refire ao eido da Administración, das 6.480 prazas ofertadas, 4.641 correspóndense con prazas de emprego público na Administración Xeral e 1.839 con prazas das entidades do sector público autonómico. Dentro das entidades do sector público, 1.357 prazas pertencen ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no que 1.195 serán susceptibles de seleccionarse polo sistema de concurso de méritos e 162 por concurso-oposición.

Sanidade

Pola súa banda, o número total de prazas que o Servizo Galego de Saúde vai ofertar é de 2.568, das que 760 cubriranse polo sistema de concurso-oposición e 1.808 polo procedemento excepcional de concurso.

Este novo proceso súmase ás 8.218 prazas ofertadas polo Sergas nos últimos dez anos, o que suporá logo da súa resolución, a incorporación de preto de 11.000 profesionais, con vínculo fixo, ás institucións sanitarias do Sistema público de saúde de Galicia e que situará a taxa de temporalidade estrutural do organismo coa incorporación das ofertas públicas de emprego actualmente convocadas no 4,72% dende o 23,55 actual.

Por categorías, 601 prazas corresponden a persoal licenciado sanitario, 733 a persoal diplomado sanitario. Ademais, de persoal sanitario de formación profesional a oferta ascende a 609 prazas, ás que hai que engadir 34 de persoal investigador.

Así mesmo, o Consello aprobou a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal do persoal sanitario funcionario da escala de saúde pública. O número de prazas ofertadas é de nove, das que catro son de inspectores médicos, tres de farmacéuticos inspectores de saúde pública, ademais dunha de diplomado universitario de enfermería e outra de subinspector sanitario.

Ensino

No relativo á oferta de emprego público para postos docentes, aprobouse un total de 1.281 prazas. Delas, 1.156 son derivadas da aplicación das disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Desenvolveranse, segundo o indicado polo Goberno central, polo sistema de concurso de méritos, que se abrirá a partir do último trimestre do ano.

As restantes 125 prazas, derivadas da aplicación do artigo 2.1 da mesma lei estatal, desenvolveranse polo sistema de concurso-oposición, que se convocará no último trimestre do ano e cuxas probas se celebrarán o próximo verán.

Prevese rematar este proceso de estabilización en 2023 cunha taxa de interinidade docente do 6% no conxunto das prazas. Cómpre lembrar que este proceso

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

extraordinario é de obrigado cumprimento para Galicia, malia que a nosa comunidade xa cumpre neste momento o obxectivo de interinidade docente do 8% que esixe o Goberno central para finais de 2024, mentres que a media estatal é do 25%.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JUDITH FERNÁNDEZ COMO DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA E A JOSÉ LUIS MIRA COMO DIRECTOR XERAL E DE FP

- Encargaranse de afrontar os retos do ensino pospandemia e de impulsar as estratexias de educación dixital e de Formación Profesional
- Os nomeamentos prodúcese no marco da aprobación da nova estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que nomea a Judith Fernández Novoa como directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a José Luis Mira Lema como director xeral de Formación Profesional.

A nova directora xeral recibe a encomenda de impulsar o ensino pospandemia a través dos novos retos que supón blindar a calidade do sistema e os seus resultados no marco da adaptación á nova lei educativa, así como de desenvolver as medidas vencelladas á Estratexia EduDixital 2030, entre outros plans. Así mesmo, será a responsable de desenvolver as políticas de innovación e en prol da inclusión educativa.

Pola súa banda, José Luis Mira continuará a traballar no eido da Formación Profesional, co encargo de impulsar estas ensinanzas cara á tendencia europea. Farao no marco da Estratexia FP Galicia 2030, a través da que se impulsará a oferta personalizada, a modalidade Dual e a relación coas empresas, subindo un chanzo na súa evolución, que na última década viviu unha revolución grazas ao prestixio e a confianza xerada.

Os nomeamentos prodúcese no marco da aprobación da nova estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades. Deste xeito, o departamento queda organizado en tres secretarías xerais (Técnica, Política Lingüística e Universidades) e cinco direccións xerais (Cultura, Patrimonio Cultural, Ordenación e Innovación Educativa, Formación Profesional e Centros e Recursos Humanos). Así mesmo, mantense adscrita á Consellería a Axencia Galega das Industrias Culturais.

Judith Fernández

Judith Fernández Novoa (Ourense, 1976) ocupaba a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades na provincia de Ourense desde xullo de 2021. É licenciada en dereito pola Universidade Carlos III de Madrid, con estudos de Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nova directora xeral é funcionaria do corpo de profesores de Secundaria na especialidade de Formación en Orientación Laboral desde 2002, ocupando tamén cargos de xestión en centros educativos. É Inspectora de Educación desde 2013.

José Luis Mira

Catedrático de Física e Química e licenciado en Ciencias Químicas, José Luis Mira Lema (Cabana de Bergantiños, 1954) é inspector de Educación e xa ostentou distintas responsabilidades educativas na Xunta en tres etapas desde a década dos 90, a última delas como secretario xeral de Educación e FP (desde 2020 ata a actualidade).

Así mesmo, exerceu como director xeral de Educación no Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e desempeñou os postos de conselleiro de Educación da embaixada de España en Bruxelas e de conselleiro de Emprego e Seguridade Social na embaixada na Arxentina.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARGARITA ARDAO RODRÍGUEZ COMO DIRECTORA XERAL DE EMPRENDEMENTO E APOIO AO EMPREGO

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Margarita Ardao Rodríguez como directora xeral de Emprendemento e Apoio ao Emprego, dentro do organigrama da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Margarita Ardao Rodríguez naceu en 1976 en Narón (A Coruña). É titulada en Enxeñería Industrial pola Escola Politécnica Superior de Ferrol da Universidade da Coruña na especialidade de enerxética.

Conta co Diploma directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia e cos diplomas de Diagnóstico e Xestión Tecnolóxica na Empresa e de Creación e Desenvolvemento de Empresas da Escola de Negocios da Escola de Organización Industrial (EOI).

Foi responsable de proxectos da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia (2004-2017) e xestora de proxectos na Axencia Galega de Innovación (2017-2021).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ANTONIO BASANTA DIRECTOR XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Antonio Basanta Fernández como director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica en substitución de Mercedes Rodríguez Moreda. Nacido en San Cibrao (Cervo), era ata o de agora xefe de gabinete da Consellería do Mar.

É licenciado en Ciencias Políticas e da Administración pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) na especialidade de Administración Pública, Máster en Economía Pesqueira da USC, especialista en procesado e estudo de datos e ten experiencia como mariñeiro de ponte da Mariña Mercante.

Ademais do cargo que desempeñou desde 2015 ata a actualidade, foi asesor da Consellería de Medio Ambiente entre 2004 e 2005, xefe de relacións institucionais e internacionais da Consellería do Mar entre os anos 2009 e 2012 e xefe de gabinete da Consellería do Medio Rural e do Mar desde 2012 ata 2015. Tamén foi mariñeiro de pesca e embarcacións de servizos portuarios, docente en diferentes cursos e mestrados das tres universidades galegas e ten participado e colaborado en varios proxectos da Unión Europea.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UN TREITO DE SENDA NA ESTRADA AC-552 ENTRE PASTORIZA E VILARRODÍS, EN ARTEIXO

- A actuación supón un investimento superior aos 150.000 € e posibilitará a circulación a pé ao longo dun treito desta vía autonómica coincidente cunha intersección, reformulando o cruzamento e habilitando o espazo para o encaixe da senda
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras no segundo semestre do ano
- Esta nova intervención enmárcase nunha actuación máis ampla de mellora da mobilidade peonil na contorna, que xa conta en sentido Arteixo cun camiño para peóns paralelo á vía, e en sentido Pastoriza construírase, nunha actuación posterior, unha beiravía protexida
- O Goberno galego segue traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras dun treito de senda peonil e ciclista na estrada autonómica AC-552, entre Pastoriza e Vilarrodís, no concello de Arteixo.

A obra suporá un investimento da Xunta superior aos 150.000 euros, incluíndo o pagamento do predio necesario para a realización desta actuación de mellora da seguridade viaria e de fomento da mobilidade sustentable.

A intervención posibilitará a circulación a pé nun punto desta vía autonómica que ten unha configuración complexa. Para iso proxéctase a execución dun itinerario peonil continuo, o reforzo do firme da vía e outras actuacións de reforzo da seguridade viaria.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras no segundo semestre do ano. Os traballos contan cun prazo de execución de tres (3) meses.

Máis en concreto, actuarase no treito da AC-552, situado entre os puntos quilométricos 5+280 e 5+410, que coincide cunha intersección, reformulando a propia intersección para maior seguridade viaria e habilitando o espazo para o encaixe da senda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta nova intervención da Xunta forma parte dunha actuación máis ampla de mellora da mobilidade peonil entre Pastoriza e Vilarrodís. Así, este itinerario xa conta en sentido Arteixo cun camiño paralelo á estrada, que actualmente xa poden percorrer os peóns; e en sentido Pastoriza dotarase dunha beiravía protexida con balizas, que será obxecto dunha actuación posterior de mellora.

Segundo o proxecto deseñado polo Departamento de Infraestruturas da Xunta, a primeira actuación comeza na travesía da Maceira, desde o punto quilométrico 5+280 ata o 5+330, onde se prevé executar unha senda de formigón de 2 metros de ancho, que irá separada do carril de vehículos mediante bordo. Para contar co espazo necesario para a senda, a vía actual ampliarase cara ao noiro existente na marxe dereita da AC-552, grazas a un novo muro de cachotaría.

A segunda intervención recollida no proxecto céntrase no camiño existente no punto quilométrico 5+330 ata o 5+370, dando continuidade á sección anterior sobre un camiño actual de terra.

A terceira actuación ocúpase do tramo da vía autonómica que vai do punto quilométrico 5+370 ata o 5+410, dándolle continuidade ao itinerario peonil proxectado. Este treito disporá dun ancho mínimo de 2 metros, que se ampliará ata os 3,5 metros para enlazar co itinerario proxectado cara a Pastoriza.

Tamén está prevista a execución dun carril de aceleración desde o punto quilométrico 5+370, para a correcta incorporación á estrada AC-552, separado da senda peonil mediante unha barreira de formigón.

O Goberno galego segue traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro co fin de fomentar a mobilidade sustentable.

Plano do ámbito da actuación:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PO-315 EN CANGAS, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE CASE 227.000 €

- A actuación, que inclúe a mellora dos itinerarios peonís, da calzada e dos seus elementos para reforzar a seguridade viaria, desenvolverase en dous tramos da vía
- No primeiro treito, entre os quilómetros 10+100 e 10+380, ao paso pola parroquia de Aldán, disporanse beirarrúas, unha pasarela peonil adosada a un pontón sobre o río e renovarase as redes de pluviais e a iluminación
- Reordénanse as interseccións de acceso á praia de San Cibrán, os pasos de peóns e a parada de autobús
- No segundo treito, entre os puntos quilométricos 13+200 e o 13+550, acometeranse tres actuacións para continuar a beirarrúa na parroquia de Darbo
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras no segundo semestre do ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de acondicionamento da estrada PO-315, ao seu paso polo concello de Cangas.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación rolda os 227.000 euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 8 predios necesarios para a súa execución. A intervención inclúe a mellora dos itinerarios peonís, da calzada e dos seus elementos para reforzar a seguridade viaria.

Actuarase, concretamente, en dous tramos da PO-315. O primeiro deles, entre os puntos quilométricos 10+100 e 10+380, ao paso pola parroquia de Aldán, onde se disporán novas beirarrúas accesibles, unha pasarela peonil adosada a un pontón sobre o río para permitir a continuidade da beirarrúa e se renovarán as redes de pluviais e a iluminación.

Ademais, reordénanse as interseccións actuais, de acceso á praia de San Cibrán, os pasos de peóns e a parada de autobús. Tamén se procederá á extensión dunha nova capa de rodaxe no firme deste primeiro tramo.

O segundo treito da actuación sitúase entre os puntos 13+200 e o 13+550, onde se acometerán tres actuacións puntuais para dar continuidade á beirarrúa actual, na parroquia de Darbo. Para isto, executarase en cada caso un pequeno muro de coeira.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras no segundo semestre do ano. A actuación ten un prazo de execución de catro meses.

Prevese que a intervención sexa financiada con fondos europeos React-UE.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios e favorecer unha mobilidade máis sustentable. Plano das actuacións previstas:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR A 2ª FASE DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-862, DESDE O CAMPO DO HOSPITAL ATA PONTE MERA, EN ORTIGUEIRA

- O Goberno galego destinará a esta actuación, que completa a mellora do eixe de comunicación Ferrol-Ortigueira, un investimento superior aos 7,5 M€, no cal se inclúe o pagamento dos 212 predios necesarios para a realización dos traballos
- Actuarase en preto de 3 km desta vía autonómica para a mellora da seguridade viaria do tráfico rodado e dos demais usuarios da estrada, coa rectificación de 13 curvas de raio reducido, cunetas de seguridade e carrís lentos de adelantamento
- Na intervención inclúese a disposición de barreiras nos bordos da vía e a instalación de dispositivos de protección a motocicletas nas zonas de raio reducido
- Dáse continuidade aos traballos en execución da 1ª fase, no treito de 18 km entre San Sadurniño e O Campo do Hospital, nos cales a Xunta está a investir case 7,2 M€
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras e convocará os actos expropiatorios no 2º semestre do ano

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras da 2ª fase do mellora da capacidade e da seguridade da estrada AC-862, entre O Campo do Hospital e Ponte Mera, en Ortigueira.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación supera os 7,5 M€, nos cales se inclúen os máis de 675.000 € para o pagamento dos 212 predios necesarios para a realización dos traballos.

A intervención comprende actuacións en preto de 3 km da AC-862 para completar o acondicionamento desta vía autonómica ata Ortigueira, no tramo situado entre os puntos quilométricos 37+240 e 40+500, ao seu paso polos concellos de Ortigueira, Cerdido e Cedeira.

Trátase de culminar o acondicionamento da AC-862 como eixe de comunicación Ferrol-Ortigueira, dando continuidade ás obras que se están a executar da 1ª fase, no treito de 18 km entre San Sadurniño e O Campo do Hospital, nas cales a Xunta está a investir case 7,2 M€.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras correspondentes a esta segunda fase do acondicionamento da AC-862 e convocará os actos expropiatorios no 2º semestre do ano. As obras contan cun prazo de execución de 18 meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


As actuacións previstas nesta 2ª fase teñen como obxectivo a mellora da seguridade viaria, tanto desde o punto de vista do tráfico rodado como dos demais usuarios da estrada.

O proxecto de execución das obras comprende a rectificación puntual de trece curvas de raio reducido, a rehabilitación do firme, a realización de cunetas de seguridade a modo de sobreancho practicable e a mellora xeral da vía coa ampliación da plataforma, dotando de carrís lentos treitos en pendente que permitan adiantamentos.

Na intervención inclúese a disposición de barreiras nos bordos da vía onde a altura de recheos supere os 3 metros de altura e a instalación de dispositivos de protección a motocicletas naquelas zonas que sexan de raio reducido. Tamén se procederá á retirada de toda a barreira nos treitos onde se comparta a sección coa plataforma actual, dado que se amplían as beiravías, e se renovará a sinalización horizontal e vertical en todo o tramo da actuación.

No marco da intervención prevista executaranse tamén dúas obras de drenaxe transversal da estrada, nos puntos quilométricos 37+852 e 39+057, e a drenaxe lonxitudinal dos camiños de servizo.

Plano de situación:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FORMARÁ 37 MOZAS E MOZOS EN COMERCIO EXTERIOR PARA CONTRIBUÍR Á PROCURA DE NOVOS MERCADOS POR PARTE DAS PEMES GALEGAS

- Con máis de 2,37 millóns de euros de orzamento, a convocatoria de bolseiros de internacionalización diríxese a estudantes con titulacións universitarias de grao superior que poderán especializarse en diferentes destinos mundiais, mellorando a súa empregabilidade ao potenciar a competitividade do tecido produtivo galego
- Desde a súa posta en marcha, este programa da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación beneficiou preto de 400 profesionais, que colaboraron na promoción exterior das empresas galegas en mercados como EEUU, Canadá, México, Arxentina, Brasil, Xapón, Corea do Sur, Tailandia, Filipinas ou Dubái
- Enmárcase na Estratexia de internacionalización de Galicia 2025 que está a impulsar o Goberno autonómico co tecido empresarial e que está contribuíndo a acadar rexistros históricos nas exportacións galegas

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria do programa Bolseiros de internacionalización, que lles permite aos participantes adquiriren competencias profesionais en mercados exteriores na procura de seguir a mellorar as vendas internacionais do tecido empresarial galego. Desta volta, a iniciativa, impulsada a través do Igape pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, destina 2,37 millóns de euros para fortalecer a especialización en comercio exterior e a contratación de 37 mozas e mozos galegos.

A convocatoria, que se publicará proximamente, vai dirixida a persoas nadas a partir de 1995, con titulación universitaria superior, e achegará formación práctica conxunta en Galicia durante once meses, e especialización sobre o terreo en destinos mundiais, onde colaborarán, a través do Igape, en proxectos de internacionalización de empresas galegas.

Os países en que os seleccionados completarán a súa formación no estranxeiro inclúen novos mercados internacionais, algúns deles de interese estratéxico para o tecido empresarial galego. Así, os bolseiros terán como posibles destinos Berlín, Bogotá, Chicago, Doha, Dubái, Dublín, Düsseldorf, Estambul, Estocolomo, Helsinki, Hong Kong, Johannesburgo, Kuala Lumpur, Lima, Lisboa, Londres, Miami, Milán, Nova York, Oslo, Ottawa, París, Praga, Riad, Santiago de Chile, Sao Paulo, Seúl, Singapur, Toquio, Toronto e Iakarta.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa contribúe á capacitación profesional de novos titulados na internacionalización de empresas, á mellora da súa empregabilidade para facilitar o seu acceso ao mercado laboral e ao desenvolvemento de proxectos de internacionalización das pemes galegas en que colaborarán os bolseiros achegando os seus coñecementos ao tempo que reforzan a súa formación práctica.

A programación das bolsas abrangue o estudo dos sectores máis importantes dos mercados estranxeiros, a análise das oportunidades e debilidades dos sectores estratéxicos galegos en relación coa súa internacionalización e o estudo das formas de introdución das empresas nos mercados internacionais, e para a aprendizaxe contará co apoio de titores tanto nas estadias no estranxeiro como en Galicia.

Este programa facilitou desde a súa posta en marcha a capacitación de case 400 novos titulados galegos, que se especializaron en comercio exterior mentres colaboraron coa internacionalización das empresas de Galicia desde mercados tan dispares como, por exemplo, Os Estados Unidos, Canadá, México, Arxentina, Brasil, Xapón, Corea do Sur, Tailandia, Filipinas ou Dubái.

Estratexia de Internacionalización 2025

A iniciativa inclúese na Estratexia de internacionalización que está a promover o Goberno galego para contribuír ao incremento da competitividade exterior das empresas galegas, que están a acadar rexistros históricos. En concreto, no primeiro trimestre de 2022 acadaron os 6.762,9 millóns, un incremento do 23,9% con respecto ao mesmo período de 2021, ano en que as vendas ao exterior superaron por primeira vez os 25.000 millóns de euros.

Neste contexto, cómpre salientar tamén o incremento do número de empresas exportadoras galegas: 4.434 entre xaneiro e marzo, preto da metade de todas as que exportaron en 2021, cando se acadou o récord con 9.360.

No marco desta estratexia, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten en marcha este ano outras medidas, como os programas Galicia Exporta Dixital, Galicia Exporta Empresas e Galicia Exporta Organismos Intermedios. No primeiro caso, a iniciativa está en fase de avaliación das 240 propostas recibidas por pemes e autónomos galegos para impulsar plans de internacionalización en máis de 80 países. Para os Galicia Exporta Empresas e Organismos Intermedios, o prazo de presentación de solicitudes permanece aberto ata o vindeiro 24 de maio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través destas tres liñas do Galicia Exporta, e co obxectivo de impulsar actividades de difusión, ferramentas dixitais e a participación en eventos expositivos no exterior e accións de prospección internacional, a Xunta dispón dun orzamento conxunto de 11,9 millóns, cifra que agora se aproximará aos 15M€ ao sumar os máis de 2,7 millóns do programa Bolseiros de internacionalización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 600.000€ PARA COLABORAR COS CONCELLOS GALEGOS NA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS HÍBRIDOS OU ELÉCTRICOS PARA AS SÚAS POLICÍAS LOCAIS

- O Consello da Xunta deu o visto e praxe á proposta de resolución das axudas, que se destinarán a sufragar 48 mensualidades entre 2022 e 2026 do financiamento mediante o sistema de *renting* de vehículos eléctricos ou híbridos con distintivo ambiental Cero emisións ou Eco, adquiridos ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental
- A Xunta financiará ata un máximo do 75% do custo total das cotas do *renting*, cun límite de 33.600 euros de subvención por concello

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria de axudas plurianuais destinadas aos concellos galegos de menos de 50.000 habitantes para a adquisición, mediante o sistema de *renting*, de vehículos eléctricos ou híbridos enchufables e non enchufables destinados aos corpos de policía local e financiados ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental.

A orde contará cun orzamento de 600.000 euros distribuídos en 48 mensualidades e repartidos en cinco (5) exercicios desde este 2022 ata 2026. A Xunta financiará ata un máximo do 75% do custo total das cotas do *renting*, cun límite de 33.600 euros de subvención por concello.

O Goberno galego convoca por segundo ano consecutivo esta liña de axudas co obxectivo de dar resposta á demanda dos concellos para renovar as súas frotas de vehículos destinadas ás súas policía locais.

A convocatoria, de carácter plurianual e en réxime de concorrencia competitiva, financia a adquisición, mediante o sistema de *renting*, de vehículos turismo ou SUV, tipo coche patrulla, adscritos ao servizo da Policía Local e especialmente rotulados e equipados para estas funcións. Así, financiarase a través desta orde a adquisición de vehículos eléctricos, híbridos enchufables ou non enchufables que reúnan as condicións para obter distintivo ambiental Cero emisións ou Eco.

A Xunta continúa deste xeito co seu compromiso para colaborar cos concellos e, neste caso, nun eido tan importante como a seguridade cidadá, ao mesmo tempo que se fomenta o uso de vehículos non contaminantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA COA COMUNIDADE DE MONTES DE CAMPOSANCOS PARA O ABASTECIMENTO DE AUGA NO MONTE DE SANTA TREGA

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais de Camposancos para o proxecto de abastecemento de auga ao pico San Francisco no Monte de Santa Trega
- O obxecto do convenio é garantir o servizo constante de auga potable sanitaria nas edificacións e servizo situados neste enclave
- Instalarase un bombeo no depósito base con tubaxe enterrada, para subir auga ao novo alxibe do pico San Francisco

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que autoriza a subscrición do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos para o proxecto de abastecemento de auga ao pico San Francisco no Monte de Santa Trega, no concello da Guarda, por importe total de preto de 250.000 euros.

O obxecto do convenio é garantir o servizo constante de auga potable sanitaria nas edificacións e servizo situados no pico San Francisco no monte de Santa Trega. Realizarase mediante a instalación dun bombeo no depósito base con tubaxe enterrada, para subir auga ao novo alxibe do pico San Francisco.

O trazado da tubaxe de abastecemento discorre pola ladeira sueste do Monte Santa Trega, unha parte por terreos da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Camposancos e a maior parte por camiño público, sen asfaltar, do concello da Guarda.

O Monte Santa Trega está situado no concello da Guarda, na súa cima está situado o castro de Santa Trega, declarado Monumento Histórico Artístico Nacional no ano 1931 e que ten a consideración de Ben de Interese Cultural. Debido á súa importancia histórica e enclave xeográfico, trátase do castro galego máis emblemático e visitado.

A Comunidade de Montes Camposancos é unha comunidade de montes veciñais en man común que ten como obxecto social a regulación da administración, disfrute e aproveitamento dos montes veciñais en man común da parroquia de Camposancos, no concello da Guarda. Como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume a obriga de desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o cumprimento da súa finalidade. Pola súa banda, a Axencia Turismo de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas a través do outorgamento da subvención.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ COS CONCELLOS DE BANDE E OS BLANCOS EN CADANSEU PROXECTO PARA MELLORAR ESPAZOS PÚBLICOS, CUN INVESTIMENTO TOTAL DE MÁIS DE 200.000 €

- O Consello autorizou hoxe a sinatura dos 2 acordos de cooperación que permitirán executar estas actuacións, cofinanciadas nun 70% polo Executivo autonómico
- No caso de Bande, a intervención consistirá na reforma da praza, da zona do mercado e da biblioteca, mentres que nos Blancos se acondicionarán as beirarrúas da vía principal do núcleo e se conectarán as baixantes á rede de recollida de pluviais
- Ambos os proxectos se enmarcan no plan Hurbe, un programa posto en marcha no ano 2010 para axudar as entidades locais a executar actuacións destinadas a crear, mellorar e integrar co contorno espazos de uso público e equipamentos urbanos

A Xunta colaborará cos concellos ourensáns de Bande e Os Blancos na execución de cadanseu proxecto urbanístico destinado á mellora e humanización de espazos públicos. O investimento total previsto entre ambas as actuacións ascende a máis de 200.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de cooperación entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e cada un destes municipios que permitirán levar a cabo e incorporar ao patrimonio local as obras resultantes.

En concreto, o acordo autorizado con Bande ten como fin acometer a reforma da praza da Constitución, da zona do mercado e da biblioteca do concello, actuacións que requirirán dun investimento estimado de 123.533,70 euros para cofinanciar entre ambas as administracións —a achega da Xunta será dun 70% e a do Goberno local, dun 30%—.

Os traballos, cun prazo de execución de cinco (5) meses, recuperarán este espazo público, un lugar concibido para o esparexemento e o lecer e con vistas privilexiadas ao Xurés, a través dunha mellora urbanística que incida, sobre todo, na continuidade do conxunto.

Para iso, o proxecto centrarase en resolver a accesibilidade dos distintos niveis existentes, lonxitudinal e transversalmente. As obras incluírán o derrubamento e levantamento do terrazo e dos chanzos de unión, obras de saneamento e drenaxe, renovación do pavimento con terrazo sobre soleira de formigón, lastro nas zonas de pendente que envolven a biblioteca, lousa na fonte e cantaría en chanzos e bordos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se mellorará o mobiliario, coa colocación de bancos de madeira e de formigón nos ámbitos da biblioteca e da nova balconada, resultado da valorización do muro de cantaría para que sirva de transición entre os distintos niveis e potencie as vistas.

En canto á intervención nos Blancos, terá un custo estimado de 80.300,23 euros que achegará tamén nun 70% a Xunta e nun 30% o Concello. A finalidade é acondicionar e mellorar as beirarrúas na vía principal do núcleo dos Blancos, xa que nestes momentos presentan un estado moi deficiente e desniveis que provocan que a auga se estanque e non evacúe de forma correcta. O obxectivo da actuación, cun prazo estimado de cinco (5) meses, é mellorar a accesibilidade dos viandantes e renovar o aspecto da zona.

As obras previstas consistirán na demolición e retirada das lousas da beirarrúa —moitas das cales están soltas e rotas polas filtracións— e no levantamento do bordo actual para, a continuación, volver pavimentar, colocar lousas de formigón hidráulico e novos bordos de granito. Ademais, e co fin de resolver o problema que supón que as baixantes das cubertas evacúen directamente nas beirarrúas, acometerase a súa conexión coa rede de pluviais que vai pola marxe da vía a través dunha tubaxe de PVC.

Máis de 360 actuacións en 12 anos

Ambos os acordos de cooperación se enmarcan nos obxectivos do plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta no ano 2010 para axudar as entidades locais a executar proxectos urbanísticos destinados á creación, mellora e humanización de espazos e infraestruturas de uso público e colectivo mediante convenios en que se regulan as bases da colaboración técnica e económica entre Administración local e autonómica.

Ademais do compromiso de cofinanciamento, a Consellería asumirá a contratación da execución e da dirección das obras, a súa xestión ata que se completen os traballos conforme o previsto, e a formalización dos actos de recepción.

Pola súa banda, o Concello de Bande e o Concello dos Blancos encargaranse da redacción dos respectivos proxectos para definir as actuacións que se executarán en cada municipio e, unha vez recepcionadas as obras, da súa explotación, mantemento e conservación.

Cómpre subliñar o compromiso do Goberno galego nos últimos 12 anos por brindar o seu apoio ás entidades locais a través do plan Hurbe na promoción de actuacións que contribúan a dinamizar as vilas galegas e a mellorar a calidade de vida dos seus veciños.

Grazas a esta iniciativa, no período entre 2010 e 2021 a Xunta colaborou xa no financiamento de máis de 360 intervencións urbanísticas en decenas de concellos, cun investimento global que supera os 155 millóns de euros. Esta liña de cooperación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

manterase tamén en 2022, cun orzamento de 7 millóns de euros reservados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para actuacións dirixidas a habilitar ou recuperar equipamentos municipais e poñer en valor os contornos urbanos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE FRADES NA HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DOS NÚCLEOS DE PAPUCÍN E FONTE SANTAIA, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 156.000 €

- A intervención centrarase nas vías que conducen aos centros de ambas as parroquias, onde se habilitarán sendas peonís, se introducirán canalizacións para a auga e a iluminación, e se colocará unha estrutura para cubrir os contedores de lixo existentes
- O Consello autorizou hoxe a sinatura do acordo de cooperación polo que o Goberno galego achegará o 70 % dos custos da actuación e o Executivo local, o 30 % restante
- O proxecto enmárcase no plan Hurbe, un programa posto en marcha no ano 2010 para axudar as entidades locais a executar actuacións destinadas a crear, mellorar e integrar coa contorna espazos de uso público e equipamentos urbanos

A Xunta e o Concello de Frades levarán a cabo xuntos a humanización dos núcleos de Papucín e Fonte Santaia, cun investimento total previsto de máis de 156.000 euros. Con este obxectivo, a intervención centrarase nas vías que conducen aos centros de ambas as parroquias, onde se habilitarán sendas peonís, se introducirán canalizacións para a auga e a iluminación pública, e se colocará unha estrutura para cubrir os contedores de lixo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Frades que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio municipal as obras resultantes.

O ámbito de intervención, cunha superficie de 1.406 metros cadrados, correspóndese coas vías existentes no lugar da Igrexa da parroquia de Santa María de Papucín, e coa zona comprendida entre Fonte Santaia, As Corredoiras e A Igrexa, en Santaia de Moar.

En canto aos traballos, cun prazo de execución de 6 meses, a actuación principal será a creación de itinerarios para peóns cunha largura de 1,8 metros, aínda que no caso de Papucín —onde as dimensións da vía non o permiten— optarase por habilitar unha cuneta transitábel. Así mesmo, en Fonte Santaia crearase unha zona de convivencia entre tráfico rodado e peonil empregando o mesmo pavimento que nos sendeiros: formigón en cor natural de 15 centímetros de espesura, armado con malla sobre saburra.

O acordo autorizado hoxe enmárcase nos obxectivos do plan Hurbe, un programa impulsado pola Xunta no ano 2010 para axudar as entidades locais a executar proxectos urbanísticos destinados á creación, mellora e humanización de espazos e infraestruturas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de uso público e colectivo mediante acordos en que se regulan as bases da colaboración técnica e económica entre Administración local e autonómica.

No caso de Frades, o compromiso de financiamento das obras ascende a 156.567,17 euros, dos cales o 70 % será achegado polo departamento galego e o 30 % restante polo Goberno municipal.

Ademais, a Consellería asumirá a contratación da execución e da dirección das obras, a xestión destas ata que se completen os traballos conforme o previsto e a formalización dos actos de recepción. Pola súa banda, o Concello encargárase da redacción do proxecto en que se definan as actuacións que se van executar e, unha vez executadas, da súa explotación, mantemento e conservación.

Cómpre subliñar o compromiso do Goberno galego nos últimos 12 anos por brindar o seu apoio ás entidades locais a través do plan Hurbe na promoción de actuacións que contribúan a dinamizar as vilas galegas e a mellorar a calidade de vida dos seus veciños.

Grazas a esta iniciativa, no período entre 2010 e 2021 a Xunta colaborou xa no financiamento de máis de 360 intervencións urbanísticas en decenas de concellos, cun investimento global que supera os 155 millóns de euros. Esta liña de cooperación manterase tamén en 2022, cun orzamento de 7 millóns de euros reservados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para actuacións dirixidas a habilitar ou recuperar equipamentos municipais e poñer en valor as contornas urbanas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE XESTIÓN DO RISCO DE INUNDACIÓNS DA DEMARCACIÓN GALICIA-COSTA, CUN ORZAMENTO DE CASE 110M€ E 74 ACTUACIÓNS CONCRETAS ATA 2027 PARA REDUCIR OS ASOLAGAMENTOS

- Trátase dunha ferramenta destinada a minorar o risco e os efectos das inundacións, con especial atención ás 170 áreas de risco potencial significativo
- O plan identifica zonas onde incrementa a influencia do cambio climático, como as subbacías dos ríos Ulla, Tambre, Mandeo, Eume, Lérez, Verdugo, Anllóns e a ría de Arousa
- O orzamento global recollido no Plan incrementáanse notablemente con respecto ao do anterior ciclo, achegando a Xunta máis de 56 M€ dos case 110 M€ previstos
- O programa inclúe 52 medidas e 74 actuacións específicas que deben desenvolver as distintas administracións con competencias municipais, autonómica e estatal
- Defínense medidas de prevención, de protección e de recuperación tras a inundación para axilizar a volta á normalidade
- O proxecto foi sometido a consulta pública durante tres meses e a un intenso proceso de participación, incorporándose, total ou parcialmente, o 50 % das achegas recibidas
- Tras a súa aprobación polo Consello, o novo plan será remitido agora ao Goberno de España para a súa aprobación e entrada en vigor

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se aproba o Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, dotado dun orzamento de case 110 millóns de euros e que recolle 74 actuacións concretas ata 2027 para reducir o risco de asolagamentos.

Este documento será remitido agora ao Goberno de España para a súa aprobación polo Consello de Ministros e a súa posterior entrada en vigor.

O obxectivo desta iniciativa é lograr unha actuación coordinada de todas as administracións e a sociedade para diminuír os riscos de inundación e reducir as súas consecuencias negativas no territorio.

A normativa establece a obriga de actualizar o plan cada 6 anos, polo que unha vez rematado o previsto para o ciclo 2015-2021, é preciso contar con este documento renovado para o período comprendido entre os anos 2022 e 2027.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta ferramenta de xestión ten como finalidade minimizar a posibilidade de inundación na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, así como reducir os seus posibles efectos, con especial atención ás 170 áreas de risco potencial significativo de inundación de orixe fluvial definidas.

De forma paralela a este novo plan, o Goberno galego vén traballando no impulso de plans específicos en 9 zonas fluviais con maior risco por inundación. Trátase das áreas do río Anllóns, en Carballo; do Umia, en Caldas de Reis e Portas; do Ulla-Sar, en Padrón, Dodro, Rianxo, Rois, Catoira, Pontecesures e Valga; do Campeda, en Vimianzo; dos Fontecova e Trasposta, en Viveiro; Baíña e Groba, en Baiona; e do Lagares, en Vigo.

O novo plan hoxe autorizado incorpora como novidade diferentes análises do efecto do cambio climático no ámbito fluvial e mariño. Así, tendo en conta a afección deste contexto á compoñente meteorolóxica e aos usos do solo, ratifícase que as zonas que presentan un incremento significativo de influencia do cambio climático son as subbacías dos ríos Ulla, Tambre, Mandeo, Eume, Lérez, Verdugo, Anllóns e a ría de Arousa.

Investimento de case 110M€

Para minorar os riscos de inundacións, o plan inclúe un programa de medidas que supoñen un investimento de case 110 M€, dos cales a Xunta, a través de Augas de Galicia, achegará máis de 56 M€.

O investimento no futuro programa refórzase de xeito notable, tendo en conta que o plan correspondente ao anterior ciclo dispoñía dun orzamento de 67,86 M€.

O investimento previsto abarca 52 medidas que inclúen 74 actuacións específicas para desenvolver na demarcación Galicia-Costa no período comprendido entre os anos 2022 e 2027. Estas actuacións específicas, de diversa tipoloxía, deberán ser postas en marcha polas distintas administracións con competencia en materia hidráulica, tanto municipais, como autonómica ou estatal.

Tipos de medidas

As medidas recollidas no plan clasifícanse atendendo á súa orde e finalidade, dando lugar a accións de prevención, de protección e de recuperación.

En primeiro lugar, as medidas de prevención, que actúan na fase pre-evento, afondan no coñecemento do comportamento dos ríos, nos estudos sobre o cambio climático, na planificación de respostas, na predición meteorolóxica ou na mellora dos sistemas de aviso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para isto, cómpre destacar ferramentas como o novo sistema de alerta temperá, denominado Merlín, a ampliación da rede oficial de medición de caudal ou o desenvolvemento do proxecto Innovaugas.

Tamén serán de especial relevancia os traballos previstos para sinalizar as áreas con risco potencial significativo de inundacións a través de cartellaría específica ou as campañas de difusión proxectadas para o sector educativo.

Ademais, a Xunta continuará estudando en detalle estas áreas con maior risco de sufrir asolagamentos co fin de deseñar máis medidas concretas de minimización da posibilidade destes episodios neses puntos.

En segundo lugar, o plan abrangue medidas de protección, que son as que se formulan para reducir o efecto das inundacións, e que actúan mentres se está producindo o episodio. Cabe citar actuacións como as canalizacións ou a adaptación de obras de drenaxe transversal, como as pontes.

Este tipo de medidas inclúen, tamén, a restauración fluvial, que minimiza o efecto das inundacións recuperando na medida do posible as chairas fluviais dos ríos.

En terceiro lugar, o plan contén medidas de recuperación e revisión, que entran en funcionamento tras un evento de inundación co fin de conseguir unha áxil volta á normalidade.

Neste ámbito, destacan as obras de emerxencia que realizarán as distintas administracións, entre elas Augas de Galicia, así como as actuacións de Protección Civil, a través de axudas ou recompilación de datos ou coa promoción de seguros fronte a asolagamentos, tanto sobre persoas e bens, como no eido agrario.

Traballo de campo e participación

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, levou a cabo un inxente traballo de campo para actualizar o plan vixente, correspondente ao ciclo 2015-2021, e redactar o novo Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa para o novo ciclo:

O proxecto foi sometido a un proceso de consulta pública durante 3 meses, entre maio e agosto de 2021, así como a un intenso proceso de participación coa celebración de webinarios ou talleres presenciais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este proceso de participación permitiu elaborar unha versión consolidada do plan, que contou co informe favorable da Comisión Galega de Protección Civil e do Comité de Autoridades Competentes de Augas de Galicia. A iniciativa tamén foi aprobada polo Consello Reitor de Augas de Galicia o 25 de abril, como paso previo á autorización, hoxe, polo Consello da Xunta.

A este respecto, o plan está integrado por documentos que recollen o proceso de participación pública na súa elaboración, as conclusións da avaliación preliminar do risco, a influencia do cambio climático nas inundacións fluviais e costeiras, os sistemas de predición, a caracterización das áreas de risco potencial significativo de inundación ou as accións de seguimento do plan.

Augas de Galicia valorou de forma detallada todas as achegas presentadas ao proxecto, incorporándose ao plan, total ou parcialmente, o 50 % das achegas recibidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE CORISTANCO PARA A MELLORA DO SISTEMA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 765.000 EUROS

- A Xunta achegará o 80 % do orzamento, preto de 613.00 €, e asesorará tecnicamente a Administración local para acadar o funcionamento efectivo das instalacións municipais no prazo máis breve posible
- O Concello contribuirá co 20 % restante do financiamento e asumirá a execución dos traballos, tendo en conta que o pasado 17 de febreiro declarou a emerxencia das obras de reforma da potabilizadora ante o risco de quedar sen este servizo
- O obxectivo é solucionar as deficiencias na instalación municipal, poñer fin ás interrupcións no servizo de abastecemento e garantir a calidade da auga aos veciños
- O Goberno galego mantén a súa cooperación cos concellos para que poidan prestar, de xeito eficaz, as súas competencias nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento e seguir mellorando a calidade de vida da poboación no rural

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Coristanco para a mellora do sistema de abastecemento do municipio coruñés, que suporá un investimento de máis de 765.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará as actuacións nun 80 %, achegando preto de 613.000 euros, ao tempo que apoia tecnicamente e asesora a entidade local na execución dos traballos para acadar o funcionamento efectivo da potabilizadora no prazo máis breve posible.

Pola súa banda, o Concello de Coristano contribuirá ao financiamento do 20 % restante e asumirá a execución das obras para a mellora das instalacións de abastecemento municipal.

O Concello de Coristanco conta desde ano 1989 cun sistema de abastecemento que lle dá servizo ao redor dun 60 % da poboación do municipio. Debido a antigüidade da estación de tratamento de auga potable e ao seu uso intensivo, as instalacións presentan deficiencias e precisan adaptar o seu funcionamento para o cumprimento dos estándares actuais.

A isto súmase que o pasado 4 de febreiro produciuse unha avaría na estrutura do falso chan do sistema de filtración que implica unha perda do 50 % da súa capacidade e un risco elevado de perder o outro 50 % por sobrecarga. O 16 de febreiro informouse,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novamente, doutra avaría na parte hidráulica do bombeo de alta, quedando operativa unha única bomba que non garante o caudal suficiente para abastecer o consumo da poboación.

Ante a situación de risco de quedar sen abastecemento municipal, o 17 de febreiro a entidade local declarou a emerxencia das obras de reforma da potabilizadora municipal, e ordenou a súa execución no prazo máis breve posible.

O acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico dá así resposta á solicitude do Concello de apoio e colaboración na execución das actuacións necesarias para solucionar as deficiencias das instalacións, para poñer fin ás interrupcións no servizo municipal de abastecemento de auga e outros inconvenientes que restan calidade ao servizo de auga para o consumo dos veciños.

Cómpre lembrar que en xaneiro de 2020 entrou en vigor a Lei de medidas de garantía do abastecemento ante episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, en que se obriga garantir o servizo axeitado de abastecemento á poboación en episodios de seca, algo que tamén se tivo en conta para atopar a solución máis adecuada para garantir o abastecemento de auga en Coristanco ao longo de todo o ano.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan executar, de xeito eficaz, as súas responsabilidades nos servizos de saneamento, depuración e abastecemento e continuar mellorando a calidade de vida da poboación no rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DOTA CON PRETO DE 850.000 EUROS UNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS PARA IMPULSAR A MODERNIZACIÓN DAS SALAS DE CINE GALEGAS

- O Consello aproba as bases destas subvencións para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos, e adaptación aos novos hábitos de consumo cultural
- Trátase dunha das liñas de apoio ao sector cultural galego xestionada pola Administración autonómica ao abeiro dos fondos Next Generation

O presidente da Xunta avanzou hoxe a aprobación no Consello da Xunta dun novo programa de apoio ás salas de cine galegas dotado con preto de 850.000 euros. Nese sentido, explicou que con este investimento se busca modernizar estes espazos de exhibición cinematográfica, contribuíndo a financiar proxectos relacionados coa innovación, o funcionamento dixitalizado e sustentable, a captación e fidelización de públicos e a adaptación aos novos hábitos de consumo cultural.

Trátase, dixo, dunha das iniciativas para o sector cultural galego que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pon en marcha no marco do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia dos fondos Next Generation EU. Ao seu abeiro, acaba de resolverse a adjudicación de máis de 1,21 millóns de euros para a modernización e xestión sustentable de 46 teatros, auditorios e salas de exhibición de artes escénicas. Ademais, permanece aberta ata o 3 de xuño a primeira das convocatorias do programa Territorio Cultura, que destina preto de 630.000 euros a ampliar e diversificar a oferta cultural en núcleos non urbanos.

“Permitirán sufragar o 80% do custo destas accións ata un máximo de 21.600 euros no caso dos espazos cunha soa pantalla ata os 55.300 euros para os que teñan ata un máximo de 15”, abundou.

As contías adjudicadas destinaranse a proxectos que se leven a cabo ata o 20 de abril de 2023 en relación con un ou con varios dos tres eixes preestablecidos: dixitalización e aplicación de novas tecnoloxías, medidas de desenvolvemento sustentable e impacto ambiental positivo, captación e fidelización de públicos, así como innovación tanto na programación como na circulación de producións europeas e en linguas oficiais de España.

Incremento do 140 %

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta nova convocatoria, refórzase en máis do 140 % o investimento da Xunta neste ámbito respecto a 2021, ano en que 21 salas comerciais de 13 localidades foron destinatarias dunha liña dotada con 350.000 euros para contribuír á súa viabilidade. Recoñécese, así, o papel fundamental destes establecementos para o conxunto do sector audiovisual, nun momento en que a crise sanitaria supuxo unha forte diminución dos seus ingresos directos, non só polas restricións aplicadas, senón tamén polos cambios de hábitos no consumo audiovisual derivados do crecemento das plataformas dixitais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORARÁ CON 14 ENTIDADES DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE PARA FACILITAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A 511 ALUMNOS O VINDEIRO CURSO

- Cun investimento de 217.500€ favorécese a prestación deste servizo adaptado ás necesidades destes usuarios
- Esta acción enmárcase no compromiso da Xunta coa atención á diversidade, que converte o galego no sistema educativo máis inclusivo de España

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e 14 entidades de atención á discapacidade co fin de financiar a prestación do servizo de comedor escolar adaptado o vindeiro curso 2022/23. En total, beneficiaranse 511 alumnos, 23 máis ca no actual curso, grazas a un orzamento de 217.572,96€ (case 10.000€ máis).

En concreto, renovarase a colaboración coa Asociación de Apoyo a Personas con Diversidad Intelectual (Aceesca), a Asociación para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias (AMICOS), a Asociación Benéfica y Social de Padres y Amigos A Esperanza do Val Miñor, a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), a Asociación Autismo Ourense, a Asociación Nuestra Señora de Chamorro, a Asociación San Xerome Emiliani, a Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños ASPABER, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral -A Coruña (ASPACE), a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña (ASPANAES), a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (ASPANAEX), a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (ASPRONAGA), a Fundación Menela e a entidade Hogar y Clínica San Rafael de Vigo.

O obxectivo destes acordos é facilitar a este alumnado o servizo de comedor adaptado ás súas particulares necesidades, de tal forma que as asociacións colaboradoras asumen a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o fin das clases e o remate do servizo de comedor. Deste xeito, o alumnado pode aproveitar o carácter didáctico do comedor no que atinxe á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Para iso Xunta compensará cada trimestre as entidades e asociacións polos gastos derivados da colaboración mutua na prestación do servizo de comedor escolar, coa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cantidade global que resulte de multiplicar 2,40 euros ou 2,37 euros (en función do número de usuarios) polo número de días da prestación efectiva de comedor e polo número de alumnos con discapacidade escolarizados por ditame de Administración Educativa.

O sistema máis inclusivo

Esta acción enmárcase no compromiso do Goberno galego coa atención á diversidade. Non en balde, o sistema educativo galego vén de situarse, un ano máis, como o máis inclusivo de España, co 93,6 % do alumnado galego con necesidades especiais está escolarizado en centros ordinarios, segundo os datos do Ministerio de Educación e FP.

Ademais, a Xunta está a preparar a futura Estratexia de Inclusión Educativa co fin de avanzar na consolidación dunha escola plenamente inclusiva en que se dea resposta ás necesidades e ás capacidades do conxunto do alumnado. Para tal fin, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades manterá unha colaboración estreita e un diálogo aberto coas familias, entidades e colectivos implicados e cuxo resultado final determinará as liñas de actuación neste ámbito para os vindeiros anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO MAPA DE BIBLIOTECAS DE GALICIA QUE PRIORIZARÁ A ACCESIBILIDADE E A DIXITALIZACIÓN

- Esta ferramenta actualiza e amplía a elaborada en 2016 e permite facer unha radiografía do sistema bibliotecario e tamén diagnosticar necesidades futuras
- Identifica preto de 300 servizos bibliotecarios que a día de hoxe traballan de xeito estable con sede en 215 concellos
- Cada galego ten ao seu dispor o equivalente a 2,6 exemplares nas bibliotecas públicas, onde hai máis 6,6 millóns de documentos, 17.000 postos de lectura e 4.100 informatizados, con ratios que melloran a media española
- Entre outras medidas recoméndase aos concellos e entidades xestoras diversificar as coleccións para persoas con discapacidade, intensificar a formación do persoal ou reforzar o papel das bibliotecas na alfabetización dixital dos usuarios
- En cumprimento da Lei de bibliotecas de Galicia o Consello aproba este mapa que será levado ao Parlamento e servirá de guía durante os vindeiros catro anos
- O Goberno autonómico dedica este ano máis 2M€ para mellorar as coleccións, dotar de recursos electrónicos, levar a cabo actividades de dinamización da lectura ou formación

O Consello da Xunta vén de aprobar o II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, a ferramenta de planificación que serve como base para diagnosticar necesidades e orientar a acción pública neste eido, en cumprimento da Lei de bibliotecas de Galicia. Entre outros aspectos, constata a implantación cada vez máis ampla e estable destes espazos culturais polo territorio galego, avances nos servizos aos usuarios e un aumento das coleccións. Tamén identifican como prioridades a necesidade de seguir traballando para reforzar a atención aos usuarios con necesidades especiais e na dixitalización, entre outras cuestións.

O mapa aprobado hoxe actualiza e mellora o elaborado en 2016, incorporando modificacións relevantes en canto ao censo, aos indicadores estudados, ao diagnóstico e ás ferramentas para a súa utilización e visibilidade. Así o II Mapa de Bibliotecas de Galicia identifica un censo total de 295 servizos bibliotecarios radicados en 215 concellos.

O documento tamén permite facer unha radiografía do escenario actual. Entre outros datos, extráese que a colección da Rede de bibliotecas públicas de Galicia consta de máis de 6,6 millóns de exemplares. Isto supón que, se atendemos a ratio de documentos por habitante, cada galego ten ao seu dispor o equivalente a 2,6 documentos. Hai, ademais, máis de 17.000 postos de lectura e máis de 4.100 postos informatizados ou, o que é o mesmo, 1,7 postos dixitais por cada 1.000 habitantes. Trátase dunha cifra por

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

riba da media española onde a media está en 0,6 ordenadores de uso público dispoñibles nas bibliotecas por cada 1.000 habitantes.

Cumprimento de 30 indicadores

O mapa tamén serve para avaliar o funcionamento dos centros e establecer marxes de mellora a través dunha serie de indicadores que hai cumprir. Identifícanse un total de 30 repartidos en 10 bloques: a distribución do fondo, espazos, dixitalización, condicións de apertura, recursos humanos, accesos, medidas adaptadas para persoas con discapacidade, accións de dinamización, sustentabilidade e orzamento. Amplíanse, deste xeito notablemente, os elementos de estudo respecto do anterior mapa, que analizaba seis indicadores.

Finalmente, avalíase o grao de adecuación aos estándares de cada concello, é dicir, os recursos mínimos con que deben contar, cun resultado positivo que permite identificar eivas e oportunidades de mellora. As fichas inclúen unha epígrafe de valoracións e propostas. Entre elas, propónse priorizar as medidas de accesibilidade para as persoas con necesidades especiais, ademais de accións como diversificar as coleccións para que resulten útiles e atraentes para persoas de grupos culturais diversos ou con dificultades de integración social e reforzar a formación neste eido aos profesionais das bibliotecas.

Máis dun 88 % de conexión á internet

Outro dos retos detectados é o da dixitalización. Neste sentido, sen descoidar a actualización das instalacións e equipamentos para dar resposta ás necesidades de conectividade, pois máis do 88 % ten acceso á internet, recoméndase intensificar as actividades para axudar aos usuarios das bibliotecas na alfabetización dixital. O mapa inclúe tamén diferentes recomendacións no eido da dinamización cultural, conservación do patrimonio bibliográfico, sustentabilidade ou equipamentos, entre outras.

O primeiro mapa das bibliotecas de Galicia converteuse nunha ferramenta útil que permitiu mellorar o sistema bibliotecario nos últimos catro anos e era precisa agora unha actualización, como marca a Lei de bibliotecas. Este segundo mapa foi elaborado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a quen lle corresponde a dirección e coordinación da Rede de bibliotecas de Galicia. A aprobación correspóndelle ao Consello da Xunta, logo do informe preceptivo do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia. Tras a súa aprobación, está previsto que este venres sexa presentado no Parlamento de Galicia polo secretario xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo.

Compromiso coa cultura rural

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A posta en marcha deste mapa enmárcase nas medidas da Xunta para o sector bibliotecario cun orzamento que supera os 2M€ en distintos programas para impulsar a Rede de bibliotecas públicas. Así, inclúense medidas para o crecemento e actualización das coleccións e dotación de recursos electrónicos, para a dinamización da lectura, para a mellora de infraestruturas culturais dos concellos ou para a formación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 3M€ NA CREACIÓN E CONSOLIDACIÓN DE EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL CON APOIOS MÁXIMOS DE ATA 74.000€

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria para 2022 dos Bonos Consolida e ES-Transforma cos que se prevé apoiar a máis de 220 entidades
- O Bono Consolida, dotado con 1,5 millóns, céntrase en axudas de ata 20.000 euros para apoiar a transformación dixital e a mellora da eficiencia enerxética favorecendo o incremento da competitividade das compañías que contan cunha antigüidade mínima de 42 meses
- O Bono ES-Transforma, con apoios de ata 74.000 euros, impulsará a recuperación de negocios en crise ou sen remuda xeracional e, como novidade, fomentará a unión de persoas autónomas e a transformación de todo tipo de sociedades en cooperativas ou sociedades laborais
- Os dous programas enmárcanse no compromiso da Xunta de reforzar o seu apoio á economía social, un eido ao que destina este ano máis de 35 millóns de euros

A Xunta publicará nas próximas semanas as convocatorias de axudas dos bonos Consolida e ES-Transforma para seguir impulsando en Galicia a creación e a consolidación de entidades de economía social, un modelo cun impacto na comunidade galega de máis de 3.000 millóns de euros, que representa o 7% do PIB e que só entre cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral e centros especiais de emprego está formado por máis de 3.100 compañías que dan traballo a 14.000 persoas.

Trátase da segunda edición destes programas que inclúen importantes novidades con respecto ao pasado ano.

No caso do Bono Consolida, cun orzamento de 1,5 millóns de euros, apoiarase con axudas máximas de ata 20.000 euros a consolidación de entidades de economía social mediante axudas que inciden na transformación dixital e este ano, como novidade, tamén na mellora da eficiencia enerxética para impulsar a actividade económica das empresas contribuíndo ao incremento da súa competitividade e, en definitiva, mantendo empregos de calidade.

A Xunta prevé beneficiar con esta iniciativa a 200 empresas (cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción laboral ou centros especiais de emprego) que estean inscritas nos rexistros administrativos de Galicia e contan cunha antigüidade mínima de 42 meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por medio deste bono financiaranse, entre outros conceptos, a adquisición de equipamento informático; o desenvolvemento de softwares e páxinas web; gastos de marketing, comunicación ou relanzamento comercial; para a obtención de certificados de calidade; a mellora na eficiencia enerxética, reformas do local; compra de mobiliario; a creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade; e a realización dun plan de protección de datos.

Permítese nesta edición da convocatoria que en tan só un dos conceptos subvencionables o importe total sexa o máximo de 20.000 euros facilitando, por exemplo, a reforma dun local, agás nos conceptos por marketing, obtención de certificacións de calidade, imaxe corporativa e plan de protección de datos nos que se financiará como tope 3.000 euros. O Bono prevé anticipos de ata o 90% e cubrirá ata o 80% do custo subvencionable cos límites establecidos.

O Bono ES-Transforma

O Bono ES-Transforma, por outra banda, impulsará, ao igual que o pasado ano, a recuperación de negocios en crise ou sen opción a remuda xeracional mediante fórmulas de economía social, apoiando ás persoas traballadoras que decidan asumir a titularidade destes negocios mediante a creación dunha cooperativa ou dunha sociedade laboral que lles permita manter os postos de traballo e a actividade económica.

Como novidade este ano, ampliáanse os beneficiarios. Financiarase tamén a constitución en cooperativa ou sociedade laboral de todo tipo de sociedades por tratarse dun modelo sustentable no tempo, resiliente, solidario e cunha organización onde a prioridade son as persoas; e fomentarse a unión de persoas autónomas que precisen acadar unha maior seguridade, fortaleza e solvencia.

O programa, co que a Xunta prevé beneficiar a unhas 20 entidades, inclúe financiamento para os mesmos conceptos que o Bono Consolida, incorporando ademais os gastos derivados do asesoramento legal, rexistro e notaría para a constitución ou transformación a cooperativa ou sociedade laboral.

ES-Transforma, con apoios máximos de ata 74.000 euros, tamén inclúe anticipos do 90% da axuda concedida, e financiará ata o 80% dos custes cun máximo de 50.000 euros, excepto nos conceptos por marketing, obtención de certificacións de calidade, imaxe corporativa e plan de protección de datos nos que se financiará como tope 3.000 euros; e 6.000 euros como máximo para os gastos de asesoramento legal, notaría e rexistro. O tope de 50.000 euros tamén poderá concederse por un único concepto.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, como novidade, as axudas poden incrementarse ata 24.000 euros se os beneficiarios cumpren un total de oito supostos polos que se aumenta o apoio en 3.000 euros por cada un deles: entidade situada nun concello rural; constituída na súa maior parte por mulleres, menores de 30 anos; emigrantes retornados; maiores de 45; persoas con discapacidade; persoas trans; ou no caso de que a actividade económica da nova entidade beneficiaria as mulleres se atopen subrepresentadas.

No caso dos dous bonos, amplíase o prazo de presentación en dous meses e medio aproximadamente e, ademais, o crédito orzamentado poderá ampliarse se fora necesario.

Os dous programas enmárcanse no compromiso da Xunta de reforzar a economía social, un eido ao que destina este ano máis de 35 millóns de euros. A Consellería de Promoción do Emprego e igualdade vén de desenvolver a Estratexia Galega de Economía Social, á que entre 2019 e 2021 investíronse máis de 89 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA UN INVESTIMENTO DE 6,7 M€ PARA IMPULSAR A CONCILIACIÓN DAS FAMILIAS CON MENORES DE 16 ANOS AO SEU CARGO EN CONCELLOS, ANPAS E ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL

- A iniciativa enmárcase dentro do Plan Corresponsables e ten como obxectivo que entidades locais, de iniciativa social e asociacións de nais e pais promovan servizos de coidado en dependencias públicas e domicilios para a atención das mozas e mozos
- Con estas medidas prevese a contratación dunhas 500 persoas con perfís profesionais técnicos relacionados con actividades socioculturais, integración social, de tempo libre, educación infantil, animación sociodeportiva ou auxiliares de gardería
- Entre as beneficiarias dos servizos para a conciliación, darase prioridade ás familias das vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, en situación de desemprego ou unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos

O presidente da Xunta destacou hoxe, na rolda de prensa do Consello, que o Goberno galego investirá 6,7 millóns de euros para impulsar a conciliación e beneficiar ás familias de 16.000 menores de 16 anos, en concellos, entidades de iniciativa social e asociacións de nais e pais de alumnos (Anpas).

Cómpre salientar que con estes apoios, a Administración autonómica promoverá servizos de conciliación baseados nos coidados profesionais, que se prestarán en dependencias públicas e a domicilio, polo que tamén se contribuirá á creación duns 500 postos neste sector.

Así mesmo, Rueda precisou que esta iniciativa enmárcase dentro do Plan Corresponsables, que conta con máis de 10,7 millóns de euros de orzamento, co fin de reforzar as medidas autonómicas a prol da conciliación.

Entre os beneficiarios das actuacións, darase prioridade ás vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións -especialmente cando teñan que acudir a interpoñer denuncias, procesos xudiciais, citas médicas e terapéuticas, ou trámites burocráticos-; familias monoparentais; mulleres en situación de desemprego -para realizar accións formativas ou procura activa de traballo-; mulleres maiores de 45 anos ou unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Recibirán financiación os servizos de coidado que presten as entidades, tanto no domicilio como en dependencias públicas, así como os plans de sensibilización e formación en materia de corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias.

O orzamento da convocatoria repartirase en tres liñas. Case 4,5 millóns de euros permitirán financiar os servizos que promovan concellos de forma individual ou mediante xestión compartida. Outros 1,5 millóns de euros destinaranse ás entidades de iniciativa social, e as Anpas contarán con 700.000 euros do orzamento. As axudas máximas, en función da liña, poderán acadar os 400.000 euros para promover servizos que axuden a conciliar ás familias con menores de 16 anos ao seu cargo.

A Xunta asumirá, no marco desta convocatoria, os gastos directos da contratación do persoal, así como outros de tipo corrente nos que incorran as entidades para desenvolver as actuacións, a difusión e información, así como a edición de materiais didácticos.

A creación de bolsas de coidados permitirán a contratación estimada dunhas 500 persoas traballadoras. O Plan Corresponsables prevé a incorporación ás bolsas de perfís profesionais como técnica/ou en actividades socioculturais, en integración social, monitoras/es de lecer e tempo libre, técnicas/os superiores de animación sociodeportiva, de educación infantil, e auxiliares de gardería e xardín de Infancia.

Plan Corresponsables

Galicia dispón de máis de 10,7 millóns de euros do Plan Corresponsables para reforzar as medidas a favor da conciliación, coa finalidade de que exista un auténtico equilibrio na distribución das responsabilidades familiares e de facer compatible a maternidade e/ou paternidade co mercado laboral.

Neste marco, a Xunta xa subscribiu un acordo de colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte polo que se destinarán 3,5 millóns de euros para a promoción de actividades de animación socio deportiva a través das federacións deportivas galegas co obxectivo de contribuír á conciliación das familias.

Tamén se asinarán acordos (300.000 euros) coas asociacións de mulleres rurais Femuro, Fademur e Femupo para a acreditación profesional da experiencia laboral de mulleres, preferentemente maiores de 45 anos, con experiencia non formal no coidado de menores de 16 anos. As consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade e a de Política Social colaboran tamén para axudar a conciliar a unhas 7.000 familias a través

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de programas de lecer en albergues e espazos xuvenís, tamén no marco do Plan Corresponsables, aos que se dedicarán 3M€.

Con estas medidas, ademais de axudar á conciliación das familias, o Goberno galego fomenta a creación de emprego de calidade no sector dos coidados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A POLICÍA AUTONÓMICA LEVOU A CABO O PASADO ANO MÁIS DE 4.400 ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN DE MENORES

- En materia de prevención de consumo e venda de alcohol, tabaco e estupefacientes a menores realizáronse 125 dispositivos e 246 inspeccións de locais e tramitáronse 85 denuncias
- A estas actuacións súmanse outras 4.000 relacionadas con inspeccións en salóns de xogo, traslados a centros de menores ou elaboración de informes, entre outros

O Consello da Xunta informou hoxe das actividades levadas a cabo pola Policía Autonómica durante 2021 relacionadas coa protección de menores, sobre todo os que se atopan en situación de risco. Ao longo do ano pasado desenvolvéronse 4.400 actuacións, entre as que destacan 456 relacionadas coa prevención do consumo e venda de alcohol, tabaco e substancias estupefacientes a menores.

As funcións que o grupo de menores da Policía Autonómica ten encomendadas nesta materia están referidas ao traslado e custodia de menores a centros dependentes da Xunta; a localización dos menores fugados ou desaparecidos; o control de establecementos para erradicar a venda de alcohol, tabaco e substancias estupefacientes, sobre todo en centros educativos e lugares de ocio, así como o control do consumo de alcohol na vía pública; o control e seguimento da actividade das apostas en centros de ocio ou de locais de hostalaría; xunto coa detección de casos de malos tratos no ámbito intrafamiliar, educativo ou centros de acollida.

Nas actuacións referidas a velar polo cumprimento da Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, e da Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, subministración, consumo e publicidade dos produtos do tabaco, os axentes levan a cabo dispositivos periódicos diúrnos e nocturnos para prever a venda e subministración a menores de idade tanto en locais de ocio -bares, pubs, discotecas ou supermercados e tendas 24 horas- e para evitar o consumo nas vías públicas.

Das 456 actuacións neste ámbito, leváronse a cabo 125 dispositivos por parte da Policía Autonómica en 2021 cun total de 246 inspeccións en establecementos, que deron como resultado 85 denuncias: 69 delas por infraccións ás leis de venda e consumo de alcohol por menores, 7 por venda e consumo de tabaco; e outras 9 por consumo de estupefacientes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén neste ámbito, rexistráronse o ano pasado 207 inspeccións co fin de controlar a prohibición da presenza de menores nos establecementos de xogo e apostas, conforme a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Por outra parte, o grupo de menores da Policía Autonómica efectuou en 2021 un total de 880 traslados aos centros de menores asignados por técnicos da Consellería de Política Social e Xuventude ou o órgano xudicial correspondente.

Os axentes tamén elaboraron o ano pasado 1.207 informes sobre menores a solicitude, por regra xeral, da Consellería de Política Social e Xuventude ou das autoridades xudiciais, en particular nos casos dos que se atopan baixo a tutela ou protección da Xunta. Trátase de escritos en que recompilan os antecedentes familiares, sociais, educativos ou laborais a través da información dos Servizos Sociais da Unidade Familiar e de entrevistas co contorno. En relación con estas solicitudes, os axentes comprobamos se poden existir situacións de malos tratos ou de desamparo.

Entre os informes emitidos polo grupo de menores inclúense documentos a petición da Consellería de Política Social e Xuventude sobre a residencia real e convivencia do solicitante de prestacións non contributivas e rendas de inclusión de Galicia (RISGA); e tamén a petición da Consellería de Facenda sobre persoas que faleceron sen testar para xestións sobre ab intestatos ou sobre a identidade de persoas que ocupan casas que son titularidade da Xunta.

Ademais, os diferentes xulgados, así como a Fiscalía, requiren da unidade policial que se practiquen e lle entreguen as citacións ás persoas interesadas, cando non puideron ser citadas por outros medios.

Nas patrullas policiais diarias, os axentes comprobamos de forma ordinaria o absentismo escolar entre os menores de 16 anos. A unidade que se encarga desta vixilancia tamén controla a venda e consumo de sustancias estupefacientes nos arredores dos centros educativos e nos casos de infracción envíase o material intervido á Consellería de Sanidade e trasládanse as dilixencias ao xulgado de garda. Os axentes deste grupo realizan, ademais, controis de mendicidade infantil na rúa e sobre estafas e visitan os centros educativos da comunidade para impartir charlas sobre as materias do ámbito de actuación do grupo policial, xunto con entrevistas co equipo directivo para detectar supostos problemáticos.

Cómpre aclarar que a vixilancia das medidas de prevención ante a COVID-19 adoptadas polas autoridades sanitarias condicionaron a actividade deste grupo da Policía Autonómica tanto o ano pasado como en 2020, tendo en conta restricións como os confinamentos e o peche o ocio nocturno e outras actividades de lecer.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta reclama que se cubran as vacantes na Policía Autonómica, que actualmente conta cun cadro de persoal ao 73 % con 366 axentes, para facer fronte ao aumento de competencias e garantir o funcionamento de todos os grupos encargados coa protección de menores e vítimas de violencia de xénero, da preservación do ambiente e do patrimonio cultural, da prevención e investigación de incendios, da loita contra o furtivismo e o marisqueo ilegal, ou da vixilancia das rutas do Camiño de Santiago e da atención dos peregrinos, ademais das súas funcións habituais en materia de seguridade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESENVOLVE UN PLAN DE CALIDADE PARA CERTIFICAR A EXCELENCIA DAS RESIDENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Plan conta cun orzamento de 117.000 euros e poderanse sumar os centros doutras titularidades que o soliciten

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu un informe sobre o Plan de calidade 2022-23 en centros residenciais que permitirá emitir certificados oficiais de calidade nas residencias públicas autonómicas con base nas normas e estándares internacionais. A intención é lograr a excelencia nestes servizos sociosanitarios, a través da aplicación de principios como a participación, a especialización, a autonomía e o benestar.

O Plan conta cun orzamento de 117.000 euros e procura, entre outros obxectivos: garantir os mellores coidados atendendo ás necesidades específicas dos residentes; implicar a participación do persoal na mellora continua do servizo e agregar valor aos centros residenciais da rede pública, así como satisfacer os seus usuarios. En definitiva, a finalidade é ofrecer unha atención sobresaínte nos centros residenciais desde todas as perspectivas.

Esta iniciativa desenvolverase en todas as residencias públicas autonómicas, polo que serán as primeiras en ter esta certificación entre este ano e o que vén; e poderá ampliarse a resto de centros se así o solicitan.

A mellora da xestión da calidade dos centros enmarcase no novo modelo de residencias, que ten como finalidade central garantir unha atención de calidade e accesible a todos. Así, este plan supón un avance máis nos piares deste novo modelo que asentou o Comité Asesor Sociosanitario e no cal xa se deron pasos importantes, tales como: un programa de formación para o persoal das residencias; a implantación da última versión da historia clínica electrónica (HCE-Pro); a próxima licitación da contratación dos novos equipamentos de medición de parámetros de saúde para as residencias públicas autonómicas; a futura posta en marcha das unidades de coidados intermedios, como a que se levará a cabo en Mos; ou as melloras arquitectónicas que se teñen presentes nos centros de nova construción, como o que se está a facer en Antas de Ulla.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 22 M€ ATA O ANO 2025 NUN PROGRAMA ESTRATÉXICO DO CASTIÑEIRO E DA PRODUCCIÓN DA CASTAÑA QUE BUSCA RECUPERAR 8.000 HECTÁREAS DE SOUTOS E PLANTAR 16.000 HA MÁIS

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe este plan que recolle 36 actuacións concretas ao abeiro de cinco eixes de intervención, para dar cumprimento aos obxectivos marcados na 1ª revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040, tanto para a produción de madeira como de froito
- No marco da planificación deica 2025, prevense plantar 3.500 hectáreas de castiñeiro para froito e 2.000 ha para a produción de madeira, así como restaurar 2.000 ha de soutos tradicionais, acadándose as 1.600 hectáreas de actuación xa entre este ano e o vindeiro
- O proxecto implica a todos os axentes do sector, apostando pola planificación da produción, pola transferencia de coñecemento desde as entidades investigadoras, polo apoio aos viveiros para garantir a subministración de planta, polo impulso á comercialización e pola mellora das empresas
- Deste xeito, o programa persegue consolidar Galicia como a principal rexión en produción e exportación de castañas de España, que actualmente supera as 49.000 hectáreas de cultivo e os 20 millóns de kg de froito que supoñen uns 50 millóns de euros unha vez comercializado o produto
- O Consello da Xunta tamén analizou o balance da loita biolóxica contra a avespiña do castiñeiro, constatando que unha vez analizadas case a metade das mostras de 2021 se superou xa o número de parasitos *Torymus sinensis* recollidos en 2020

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña, impulsado pola Consellería do Medio Rural para dar cumprimento aos obxectivos da 1ª revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica" de recuperar 8.000 hectáreas de soutos tradicionais e plantar outras 16.000 ha novas para a produción de madeira e de froito desta especie. Cun período de execución que tamén se prolongará ata o ano 2040, a iniciativa conta cun orzamento de 21,995 millóns de euros -incluíndo fondos públicos e privados- para a primeira etapa de accións deica o 2025, ata cando se prevén plantar 3.500 hectáreas de castiñeiro para froito e 2.000 ha para a produción de madeira, así como restaurar 2.000 ha de soutos. Delas, entre este ano e o que vén acadaranse xa as 500, 600 e 500 hectáreas de actuación, en cada un dos casos respectivamente.

O programa establece unha diagnose da situación actual dos castiñeiros en Galicia como base para programar 36 actuacións integradas en cinco eixes de intervención, centrados

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

na planificación e seguimento da produción, na transferencia de información desde as entidades investigadoras e no apoio ao sector viveirístico para garantir a subministración de planta, no fomento de recursos e aproveitamentos, no impulso á comercialización e á calidade da castaña e, por último, na mellora da competitividade das empresas.

Con todas estas medidas, búscase involucrar todos os axentes implicados no sector, como a Administración, os distintos axentes económicos e sociais comarcais, os grupos de desenvolvemento rural, os viveiros, os produtores forestais e os representantes do tecido empresarial transformador e comercializador, con vistas a acadar a máxima xeración de valor engadido vinculado ao cultivo do castiñeiro.

Cómpre engadir que este programa obedece ás recomendacións do ditame da Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia, constituída no Parlamento tras os lumes de 2017. Tamén que, proximamente, este proxecto se verá complementado coa normativa que regulará as agrupacións de xestión conxunta, figura recollida na Lei de recuperación da terra agraria e no Plan forestal para darlle un pulo ao castiñeiro, entre outras especies.

Medidas prioritarias

Dentro das 36 actuacións que recolle o Programa estratéxico do castiñeiro e da produción da castaña 2022-2040, fíxanse un total de 21 medidas como prioritarias, polo que se proxectan para executarse ata o ano 2025 no marco dos cinco eixes de intervención fixados.

Así, ao abeiro do primeiro eixe relativo á planificación, seguimento e control da produción do castiñeiro, apostarase pola promoción do aproveitamento conxunto dos terreos forestais a través das agrupacións de xestión conxunta, pola elaboración dun Mapa territorial de zonas xeográficas preferentes de actuación, polo impulso á recuperación de soutos tradicionais e ás novas plantacións e pola conservación do material vexetal autóctono, implicando os distintos axentes impulsores e avogando pola coordinación entre administracións públicas.

Mentres, no que respecta ao segundo eixe da investigación, transferencia e apoio ao sector viveirístico, incidirase na mellora do sector con base na investigación aplicada, nas parcelas piloto e na rede de parcelas demostrativas, así como no reforzo das canles de comunicación entre administracións públicas, centros de investigación, viveiros e tecido empresarial. Tamén se traballará nas infraestruturas e dotación de viveiros,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

produtores e silvicultores para garantir o aprovisionamento de planta e na transferencia de coñecemento desde os centros e entidades investigadoras.

Canto ao terceiro eixe de desenvolvemento e revitalización de recursos e aproveitamentos, promoveranse iniciativas públicas e medidas de fomento para a recuperación de soutos e a execución de novas plantacións, así como medidas de control fitosanitario e loita biolóxica. Tamén se apostará polos portaenxertos e pola promoción de variedades de castañas, polo cultivo de castiñeiros con aptitude para a produción de madeira e polas árbores multifuncionais que compatibilicen os aproveitamentos micolóxicos.

En relación ao cuarto eixe de impulso da comercialización e fomento da calidade da castaña, o traballo centrarase en lograr adhesións á indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia, tanto de produtores como de industrias transformadoras, fomentando ao tempo a cooperación cos axentes que participan na distribución.

Por último, no quinto eixe enfocado á mellora da competitividade e do valor engadido das empresas, promoveranse liñas de axudas públicas a novas iniciativas e proxectos empresariais vinculados ao cultivo e aproveitamento forestal de novas plantacións de castiñeiro, así como aos investimentos para o aumento da rendibilidade das plantacións. Así mesmo, impulsarase a actividade da Mesa da Castaña e a formación aos actores da cadea de valor, promovendo incorporar módulos de contidos específicos da silvicultura do castiñeiro nos centros de formación ou con accións de profesionalización, especialmente en procesos produtivos, en manexo de máquinas e novas tecnoloxías ou en seguridade alimentaria e laboral.

Loita contra a avespiña

O Consello da Xunta tamén constatou o asentamento nos soutos galegos do parasito *Torymus sinensis*, empregado desde o 2015 para o control biolóxico da praga da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*). Así, unha vez analizados preto da metade dos puntos de recollida de mostras de bugallas tras as soltas de 2021 (569 puntos do total de 1.200 puntos de mostraxe), recuperáronse 3.314 exemplares de *Torymus*, o que xa supera todo o recollido nas mostras de 2020 (3.158) e supón máis do dobre do que se recuperou en todo o período 2016-2019 (1.393 individuos). Arestora, continúaase coa análise do resto dos puntos de recollida.

En concreto, nas análises de bugallas de 2021 recuperáronse *Torymus sinensis* en 523 puntos dos 569 analizados ata o de agora (isto é, no 92%). E comparando as recuperacións por cuadrícula nos primeiros 307 puntos en que se conta con estes datos,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as recollidas xerais de individuos do ano pasado son case o quíntuplo das de 2020 e case se quintuplica tamén a porcentaxe de parasitación.

Con estas cifras sobre a mesa, esta primavera (entre abril e maio) soltaranse 1,2 millóns de individuos de *Torymus sinensis*. Estas soltas - para as que se consignou un orzamento de preto de 1,7 millóns de euros- realízanse en masas continuas de castiñeiro e concéntrase o número de individuos con respecto a anos anteriores, co fin de establecer poboacións estables que logo colonizarán o resto de masas.

Cómpre sinalar que desde o ano 2015 que se comezou con este sistema natural, a Xunta liberou uns 5,7 millóns de individuos de *Torymus sinensis* por toda a xeografía galega, o que supuxo un investimento da Xunta superior aos 8 millóns de euros. A estas cifras hai que sumarlle o previsto neste exercicio, que elevará o orzamento conxunto a preto de 10 millóns e o número de parasitos soltados aos 7 millóns.

Sector estratéxico

As medidas anunciadas buscan consolidar Galicia como a principal rexión en produción e exportación de castañas de España, ao aglutinar máis da metade da produción e unha porcentaxe similar das empresas comercializadoras e das industrias de primeira e segunda transformación vinculadas a este aproveitamento forestal. Cómpre sinalar que a superficie actual de castiñeiro en Galicia supera as 49.000 hectáreas -localizadas principalmente nas comarcas do leste das provincias de Lugo e Ourense-, cunha produción media nos últimos anos próxima aos 20 millóns de quilogramos, cuxo valor económico rolda os 20 millóns de euros pagados aos produtores e os 50 millóns de euros en produtos transformados.

O produto conta cunha indicación xeográfica protexida, a IXP Castaña de Galicia, que desde 2009 conta con Regulamento e Consello Regulador. Actualmente, abrangue case 1.300 hectáreas de superficie de cultivo amparada polo selo de calidade e un total de 156 produtores.

O castiñeiro está considerado unha das árbores cunha maior variedade de aplicacións e utilidades nos ámbitos rurais, sendo un recurso de grande relevancia desde o punto de vista da alimentación, pero tamén polo seu valor para usos madeireiros e outras producións complementarias (cogomelos, gandaría, plantas aromáticas etc.). Ademais, destaca o seu valor ambiental e como recurso turístico e paisaxístico, o que o consolida como unha das especies arbóreas con maior tradición e apego sociocultural das economías rurais en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA